

**RECOMENDACIÓNS PARA COMENZO DE ESCOLARIDADE NENOS  
E NENAS DE 3 ANOS**



**CEIP IRMÁNS VILLAR**

**Curso 2016-2017**

Estimados pais-nais:

No mes de setembro os vosos fillos e fillas van a empezar o cole. A colaboración entre familia e escola nesta etapa tan importante na vida dos nenos e nenas é fundamental, e por iso, consideramos que é primordial que teñades en conta unha serie de aspectos que facilitarán en gran medida a adaptación e a integración dos vosos fillos e fillas na vida escolar.

Estes aspectos son os seguintes:

- Durante as primeiras semanas (duración establecida no calendario escolar) os nenos e nenas de 3 anos terán un **periodo de adaptación**. Durante o mesmo acudirán ao cole en diferentes horarios e agrupamentos (aspecto que tedes que ter en conta á hora de organizar o voso horario laboral). É moi importante que teñades unha actitude positiva ante a entrada do neno ou nena no cole para transmitirla a eles.
- A roupa coa que os nenos e nenas veñan ao cole ten que ser **cómoda** para facilitarlle as diferentes actividades (xogo, ir ao baño...). Non deben traer nin cinturóns, nin tirantes. E **o calzado debe ser con velcro, non cordóns**.

O vindeiro curso, os nenos e nenas de 3 anos terán o mandilón con **cadriños de tamaño medio de cor verde**. (Tamén con nome e cinta para colgalo).

É importante que lle poñades nome á roupa que o neno-a vai traer ao cole (cazadoras, chaquetas, parkas de inverno...) para que non se perdan durante o curso, e tamén recomendamos que lle coloquedes unha cinta na parte interior para que lles sexa máis doado colgala no perchero.

- Os nenos e nenas teñen que ter o control de esfínteres adquirido cando empecen no cole no mes de setembro (non se permite vir

con pañal). Non se cambian aos nenos-as no centro, sempre se chama a casa ou á persoa de contacto para que veña cambialo.

- A partir do mes de setembro os nenos-as van ter que madrugar para vir ao cole, por iso, é primordial que durante os meses de verán vaiades adaptando os horarios de sono dos vosos fillos-as para que durman as horas necesarias.
- Por último, si é o caso, é moi importante que deixen o hábito do chupete e o biberón, xa que o uso destes durante demasiado tempo pode dar lugar a dificultades posteriores á hora da pronunciación.

Durante os primeiros días do mes de setembro, teremos unha nova reunión cos pais-nais dos alumnos-as de Educación Infantil na que vos informaremos de diferentes aspectos relacionados co comezo do novo curso.

Desexamos que pasedes un moi bo verán esperando con ilusión o comezo do curso.

Saúdos

O Equipo de profesoras de Ed. Infantil

